



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

ANTI-SUMERARIO
CORPORACIONES
LOCAIS

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o quince de xuño do ano douce mil dezaoito, ás nove horas, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lamas Núñez, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioria absoluta da devandita xunta, co fin de que faga lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 1 DE XUÑO DE 2018.

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o dia un de xuño de douce mil dezaoito, a **Xunta de Goberno** da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE

SARABELA SL.- No Pleno con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 334.20/489.26, unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor de Sarabela SL, para MITEU 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención á Sarabela SL, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: MITEU 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2018

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concretar causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se testa por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuizo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Prazo xustificación: ata o 30 de xullo de 2018



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018ATTEL ALUMBRADO
CORPORACIONES
LÚCIAIS

3.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL DA CASTAÑA. - No Pleno con data 29 de setembro de 2017 acordouse, consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48906-33420, unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural da Castaña, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención á Asociación Cultural da Castaña, nos seguintes termos:

-**Importe:** 10.000,00 €.

-**Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-**Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concurrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APEL NIÑEZADO
CORPORACIONES
OCAIS

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuizo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxcitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

4.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA.- No Pleno con data 29 de setembro de 2017 acordouse, consignar no orzamento xeral para o ano 2018. e con cargo á aplicación 48908-33420, unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros. a favor da Asociación Cultural Pen Club de Galicia, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na legislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Asociación Cultural Pen Club de Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

unitán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxcitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APEL ALUMBRADO
CORPORACIONES
LOCAIS

5.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA DIOCESE DE OURENSE.- No Pleno con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 78902-33611, unha subvención nominativa, por importe de 6.000,00 euros, a favor da Diocese de Ourense, para restauración do retablo da igrexa parroquial de Santiago de Verea.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: restauración do retablo da igrexa parroquial de Santiago de Verea.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, así como licenza de obra concedida polo Concello de Verea e, autorización ou informe favorable da obra da Dirección xeral do Patrimonio cultural da Xunta de Galicia.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no



Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APE. NÚMERO DO CORPO DE AUTORIDADES LOCAIS

prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2018

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE

XUNQUEIRA DE ESPADANEDO.- No Pleno con data 29 de setembro de 2017,

acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 450.12/46209, a cantidad de 50.000,00 euros a favor do Concello de Xunqueira de Espadanedo, para gastos de mantemento de servizos municipais correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Espadanedo, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Objeto: gastos de mantemento de servizos municipais correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

concello beneficiario, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúmha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, debetán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da



(Síntoma do Presidente)

Folio N.º 9

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APEL. N.º MERADE
CORPORACIONES
LOCAIS

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dixe o acto administrativo no que se tenía por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

2.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figuraren incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno, adoptou os seguintes acordos:

2.a) RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA AS COPAS DEPUTACIÓN 2018.- Unha vez vista a acta da Comisión de Valoración de resolución provisional para concesión de subvencións para as Copas Deputación 2018 (BOP n.º 20, do 25 de xuño de 2018) de data 13 de xuño de 2018, e finalizado o trámite de audiencia ós interesados, sen se presentar ningunha alegación, esta Presidencia propón que a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo de resolución;

	SOLICITANTE	CIF/DNI	COPA DEPUTACIÓN	PTOS. TOTAL	PROPOSTA SUBVENCIÓN
1	Club Polideportivo Athlos de Ourense	G32028292	Badminton	35	2.000,00 €
2	Delegación Ourense de Baloncesto	V15115306	Baloncesto	92	9.108,00 €
3	Delegación Provincial Federación Galega Balonmán	G36690832	Balonmán	49	3.332,00 €
4	Club de Billar Ourense	G32333981	Billar	14	952,00 €
5	Club Olímpic's	G32332561	Boxeo	29	1.500,00 €
6	Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Carreiras Velocidade	17	1.156,00 €
7	Asociación Cultural Deportiva Chave	G32246993	Chave	14	850,00 €
8	Clube Ciclista Maceda	G32028813	Ciclismo (BTT, Mini BTT e Ciclocross)	42	2.856,00 €
9	Asociación de Escaladores Ourensáns	G32241943	Escalada en Bloque	20	1.360,00 €



(Síntesis da Presidencia)

Folio N.º 10

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APEL. NÚMERO
CORPORACIONES
LOCAIS

10	Club Esqui Náutico Dumbría	G32278129	Esqui Náutico	22	1.496,00 €
11	Real Montesegre Club de Golf	A32144461	Golf	28	1.904,00 €
12	Club Halterofilia Pabellón	G32313991	Halterofilia	29	1.830,00 €
13	Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Hipica- Domus Clásica	34	2.312,00 €
14	Club Hipico Ourense	G32209311	Hipica-Kaid	26	1.768,00 €
15	Delegación Ourensana de Hockey	G32172058	Hockey	42	2.856,00 €
16	Federación Gallega de Judo y D.D. A.A.	G15109267	Judo	40	2.720,00 €
17	Mizukami Escuela de Karate Shotokan	V32358889	Karate	19	1.292,00 €
18	Club Deportivo Fundación Cipri Gómez	G32473316	Kickboxing	35	2.380,00 €
19	E.D. Artai	G32352593	Kungfu	31	2.108,00 €
20	Federación Galega de Lotta e D.A.	V36651081	Lottas Olímpicas	16	1.088,00 €
21	Club Natación Pabellón Ourense	G32310336	Natación	45	3.000,00 €
22	Club Peña Trevinca	G32022626	Orientación a Pie	33	2.000,00 €
23	Club Deportivo P21 Padel Club	G32419699	Padel	33	2.100,00 €
24	Club Patinaxe Artística Fénix	G32463960	Patinaxe Artística	25	1.500,00 €
25	Club de Patinaxe AEHDE O Carballiño	G32440828	Patinaxe de velocidad	20	1.200,00 €
26	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Piragüismo	40	2.720,00 €
27	C. Salvamento Acuático Ourense Salvour	G32421778	Salvamento e Socorismo	21	1.428,00 €
28	Club Santo Domingo	G32004244	Tenis	20	1.360,00 €
29	Club de Tiro Olímpico Elrods	G32019077	Tiro Olímpico	25	1.700,00 €
30	Club Náutico Castrelo de Miño	G32158461	Vela	26	1.768,00 €
31	Federación Galega de Voleibol	V15067978	Voleibol	38	2.584,00 €



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 11

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xuño de 2018

APEL XUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

32	Federación Galega de Voleibol	V15067978	Voleibol-praia	26	1.768,00 €	
33	Depart. Wushu Federación Gallega Judo	GI5109267	Wushu	43	2.924,00 €	
34	Asociación Ourenseña de Xadrez (Axou)	G32318552	Xadrez	39	2.652,00 €	
35	Federación Galega de Ximnasia	G320023210	Ximnasia	67	4.556,00 €	
36	Club Academia San Mamed Ourense T.M.	V32254823	Tenis de mesa	10	680,00 €	

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día quince de xuño do ano douce mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,